

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 30 DE DECEMBRO DO 2019**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día trinta de decembro do dous mil dezanove, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias

**Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretaria accidental:** Dna. Elisa Martínez Arias, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### **ORDE DO DÍA:**

**1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DE 25 DE NOVEMBRO E 5 DE DECEMBRO DO 2019**

Intervén D. Emilio Sánchez, manifestando que no pleno extraordinario do día 5 de decembro na páxina 10 na votación, figura once votos a favor do grupo municipal Socialista e catro votos en contra dos concelleiros do Grupo municipal Socialista, debendo figurar catro votos en contra do Grupo municipal Popular.

Coa modificación prantexada sométense a votación conxuntamente as dúas actas de 25 de novembro e 5 de decembro do 2019, aprobándose por unanimidade.

**2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF).  
Datas das Resolucións das que se dá conta: 21.11.2019 ao 20.12.2019)**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21 de novembro 2019 ao 20 de decembro do 2019.

**PARTE RESOLUTIVA**

**3. DESESTIMACIÓN ALEGACIÓNS DO REGULAMENTO ORGÁNICO E APROBACIÓN DEFINITIVA.**

Este asunto votouse por puntos:

-Desestimación alegacións. O ditame é desfavorable á proposta da Alcaldía, por un voto en contra da concelleira D<sup>a</sup> Isabel García Díaz e nove abstencións (Grupo municipal Socialista, Grupo municipal PP e D. Emilio Sánchez Iglesias (BNG), e que se someta a decisión plenaria.

-Aprobación definitiva Regulamento: O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, un voto en contra de D<sup>a</sup> Isabel García Díaz, Esperta Monforte! (Grupo Mixto) e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio Sánchez Iglesias, BNG (Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

*“En Relación co procedemento de aprobación do regulamento orgánico do concello de Monforte de Lemos, procede informar:*

*Antecedentes de feito*

1º.- *O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2019, adoptou, entre outros o acordo de aprobación inicial do Regulamento Orgánico do Concello de Monforte de Lemos.*

2º.- *Dita aprobación inicial foi exposta ao público mediante inserción no B.O.P. de Lugo de data 7 de novembro de 2019 por un período de 30 días, ao obxecto de que os interesados presentasen as alegacións que estimen convenientes ao seu dereito.*

3º.- *Con data 15 de novembro do 2019 ESPERTA MONFORTE! presenta alegación á proposta da Alcaldía sobre a aprobación inicial do Regulamento Orgánico municipal, no que solicita:*

- *O cambio de redacción do artigo 23.2 do regulamento substituíndoo polo seguinte: “as preguntas serán sobre cuestións concretas, podendo incluír diversas cuestións sobre o mesmo tema”.*
- *Suprimir a redacción do artigo 24, por non estar dacordo coa creación do Grupo Mixto (como xa temos manifestado) nin coa limitación e reparto das intervencións que neste artigo se contemplan.*

4º.- *Con data de 19 de decembro ESPERTA MONFORTE! presenta unha nova alegación á proposta da Alcaldía de aprobación do Regulamento, na que reiterándose na alegación anteriormente presentada, fai una nova alegación que, en síntese, refírese a vulneración, na tramitación procedimental, dos arts. 132 e 133 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

#### **CONSIDERACIONES XURÍDICAS**

*PRIMEIRA.- O procedemento de aprobación do regulamento orgánico xa foi posto de manifesto no informe desta Secretaría xeral, de data 18 de outubro de 2019 no que se poñía de manifesto que:*

*“Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.*

*O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.*

*En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:*

- a. Informes previos.*
- b. Aprobación inicial polo Pleno.*
- c. Información pública e audiencia dos interesados.*
- d. Resolucións das reclamacións*
- e. Aprobación definitiva.*
- f. Publicación. NOVENO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL esixe a maioría absoluta para a aprobación do regulamento orgánico propio da Corporación.*

*SEGUNDO.- Polo que se refire o contido das alegacións da portavoz de EspertaMonforte!, no seu escrito de 15 de novembro de 2019, temos que sinalar:*

- a) En relación coa primeira das alegacións na que solicita “o cambio de redacción do artigo 23.2 do regulamento substituíndoo polo seguinte: “as preguntas serán sobre cuestións concretas, podendo incluír diversas cuestións sobre o mesmo tema”.*

*Este é un tema que xa foi debatido no trámite de aprobación inicial e ao que se lle deu resposta, motivando o exercicio das potestades discreccionais nunha racionalización das sesións e das formas de control tanto no que se refire aos rogos como no que atinxe ás preguntas. Entendo que en exercicio de ditas potestades discrecionales e dado que xa se xustificou no debate da citada aprobación inicial, procede a súa desestimación.*

- b) En relación coa segunda das alegacións consistente en que se suprima “a redacción do artigo 24, por non estar dacordo coa creación do Grupo Mixto (como xa temos manifestado) nin coa limitación e reparto das intervencións que neste artigo se contemplan”*

*A este respecto xa se pronunciou esta Secretaría Xeral, en informe de data 19 de xuño de 2019, do tenor literal seguinte:*

*“En relación cos escritos relativos á adscrición a un grupo municipal, para os efectos dá súa actuación corporativa, presentados por parte da Concelleira da formación EspertaMonforte! e do Concelleiro do BNG, procede informar:*

*PRIMEIRO.- A organización municipal básica está regulada no art. 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, RBRL, que dispón que “a organización municipal corresponde ás seguintes regras:*

- a) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno existen en todos os Concellos.*

b) A Xunta de Goberno existe nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello.

c) Nos municipios de máis de 5.000 habitantes, e nos de menos en que así o dispoña o seu Regulamento Orgánico ou o acorde o Pleno, existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno.

d) A comisión especial de suxerencias e reclamacións existe nos municipios sinalados no título X da Lei 7/1985, e naqueloutros en que o Pleno así o acorde, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros, ou así o dispoña o seu Regulamento Orgánico.

e) A comisión especial de contas existe en todos os municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116 que dispón que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos que compoñen a Corporación.

SEGUNDO.- Neste mesmo precepto establécese que “as Leis das Comunidades Autónomas sobre o Réxime Local poderán establecer unha organización municipal complementaria á prevista no número anterior”.

Por tanto a normativa de aplicación, en canto á organización complementaria refírese, será a recollida na normativa autonómica, caso de que se tivese ditado.

A Comunidade Autónoma Galega, en desenvolvemento do disposto no citado apartado 2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, aprobou a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que, no seu art. 59, regula a organización dos municipios da maneira seguinte: “os municipios da Comunidade Autónoma de Galicia teñen a potestade de autoorganización e, por iso, poderán aprobar os seus regulamentos orgánicos sen outro límite que o respecto ás regras de organización municipal establecidas pola lexislación básica do Estado e pola LALG.”

TERCEIRO.- En relación coa existencia de grupos políticos como un dos elementos organizativos dos municipios, é preciso poñer de manifesto:

*a) O art. 73.3. da Lei 7/1985, na redacción dada pola Lei 57/2003, establece que: "A efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigacións que se establezan, con excepción daqueles que non se integren no grupo político que constitúa a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos".*

*b) Pola súa banda o art. 74 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que:*

*1. Os Concelleiros, para os efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos, que se corresponderán cós partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na corporación.*

*2. Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo.*

*3. Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.*

*4. Integranse, EN TODO CASO, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escanos.*

*CUARTO.- No caso que nos ocupa, tanto no que se refire á Concelleira pertencente a EspertaMonforte!, como o pertencente ao BNG, procede que, para os efectos da súa actuación corporativa, intégreuse no Grupo Mixto polas seguintes consideracións:*

*1.- En ambos os casos a formación electoral polas que foron elixidos, non obtiveron un mínimo de dous escanos.*

*2.- Non se dan os supostos regulados no art. 73 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, xa que tanto no caso dá Concelleira de espertamonforte! como no do concelleiro do BNG:*

*- non existe grupo político constituído por formación electoral pola que foron elixidos, xa que como se expresou, para que se puidese constituír como tal necesitaría un mínimo de dous concelleiros, e*

*- non abandonaron o seu grupo de procedencia.*

*Por outra banda a creación de un Grupo Municipal ten como consecuencia a atribución de determinadas cantidades económicas, 300 € por Grupo, que de constituírse sin respectar os referidos criterios, carecerían de fundamento legal para o seu aboamento.*

*CONCLUSIÓN:*

*A xuízo do que subscribe, para a actuación corporativa tanto da Concelleira de EspertaMonforte!, como do Concelleiro do BNG, haberán de integrarse no Grupo Mixto, xa que a formación electoral pola que foron elixidos non obtivo o mínimo de dous concelleiros esixidos polo art. 74. 4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, normativa de aplicación para a organización complementaria, de acordo co regulado no art. 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Non procede a súa cualificación como concelleiros non adscritos, por non darse ningún dos supostos recollidos no art. 73 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local”*

*Polo tanto procede desestimar a alegación presentada.*

*TERCEIRO.- Polo que se refire o contido das segundas alegacións da portavoz de EspertaMonforte!, no seu escrito de 19 de novembro de 2019, temos que sinalar:*

*Baséase a alegación no incumprimento do disposto nos arts. 132 e 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.*

*Como no propio escrito de alegacións ponse de manifesto, o art. 133 no seu apartado 4º dispón que “podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurren razones graves de interés público que lo justifiquen”.*

*Por outra banda, na exposición de motivos da Lei 39/2015, no relativo tanto á aprobación do Plan normativo como ao procedemento e aprobación se recolle:*

*“Junto con algunas mejoras en la regulación vigente sobre jerarquía, publicidad de las normas y principios de buena regulación, se incluyen varias novedades para incrementar la participación de los ciudadanos en el procedimiento de elaboración de normas, entre las que destaca, la necesidad de recabar, con carácter previo a la elaboración de la norma, la opinión de ciudadanos y empresas acerca de los problemas que se pretenden solucionar con la iniciativa, la necesidad y oportunidad de su aprobación, los objetivos de la norma y las posibles soluciones alternativas regulatorias y no regulatorias.*

*Por otra parte, en aras de una mayor seguridad jurídica, y la predictibilidad del ordenamiento, se apuesta por mejorar la planificación normativa ex ante. Para ello,*



*todas las Administraciones divulgarán un Plan Anual Normativo en el que se recogerán todas las propuestas con rango de ley o de reglamento que vayan a ser elevadas para su aprobación el año siguiente”.*

*Como é obvio ditas previsións, tanto as referidas a aprobación do plan normativo, como as referidas á participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas, non se refiren aos supostos de organización interna das Entidades Locais.*

*Polo tanto procede desestimar a alegación presentada”.*

*Con base no informe anteriormente exposto PROPOÑO que polo Pleno se adopten os seguintes ACORDOS:*

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por dona María Isabel García Díaz, en representación de EspertaMonforte!, nos escritos de datas 15.11.2019 RE18778 e 19.12.2019 RE 20912, con base nos argumentos contidos no informe de Secretaría Xeral de data 20 de decembro de 2019.*

*SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico do Concello de Monforte de Lemos.*

*TERCEIRO.- Proceder á publicación do texto íntegro do Regulamento orgánico do Concello de Monforte no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorre o prazo previsto no art. 65.2” “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio Sánchez manifestando o seu desexo de feliz ano 2020 a todos. No tocante á proposta da alcaldía manifesta o seu voto en contra, porque cre que as alegacións non teñen fundamento. Fala da enmenda realizada polo seu grupo, que era que non se contemplase ese grupo mixto, no seu artigo 24. Di que é preciso un regulamento, pero deberíase facer por un acordo unánime, sería o ideal. Fala do tempo que se cercena o grupo mixto, no pasado pleno dos orzamentos, tanto Esperta Monforte como o BNG, tiveron catro minutos e medio para dar a súa opinión dos orzamentos, o grupo de goberno defendeu a súa proposta, dando lectura da súa exposición, nese tempo lles houbera gustado que se podía facer, sempre que se parta dunha bondade política, pero non é unha cuestión de tempo; propio alcalde ao rematar o pleno pasou dos 19 minutos, non é cuestión de tempo, como ven se reflexa e se demostra. Lamenta a falla de compromiso. Di que é certo que os Concellos teñen capacidade para organizarse como mellor poidan, non se incumpliría ningunha norma se se houbera feito como eles din, lamenta que non se leve a cabo, non van apoiar esa proposta.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García anticipando a felicitación do ano novo. Di que se fai unha proposta para aprobación dun regulamento. O problema fundamental deste  
*Pleno ordinario 30.12.2019*



regulamento é o político. Fala dos artigos 21.4 e 22.5 do Regulamento quen interpretará eses supostos que aí figuran? Aí estase falando de que o equipo de goberno se reserva a postestade de admitir ou non preguntas segundo como estean formuladas, entenden que non se contestarán. Fala da lei mordanza. Sobre o grupo xa se dixo todo. Non vai por aí a cousa en recoñecer a Lei Galega. Fala da interpretación da lei que fan outras entidades galegas para que os grupos poidan exercer a súa labor. Recrease o alcalde coas interpretacións restrictivas. Hai un erro na proposta que se fai para desestimar a segunda alegación ao meter no mesmo lote os artigos 132 e 133 da Lei 39/2019, a alegación presentada os distingue, a excepción para o artigo 133 pero nunca para o artigo 132, léase ven o que di a lei. Se alegación se desestima estase incumplindo a lei, e iso non o salva unha maioría absoluta. Di que se respecten os dereitos de todos os representantes públicos municipais.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando que xa dixo no debate anterior deste regulamento que o considera necesario que haxa un regulamento interno, pero lles houbo gustado que houbo máis opcións de rogos e preguntas. Di que non vai falar máis neste senso, e abstéranse na votación.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que este regulamento, que por outra banda non é novo, tróuxose no pasado mandato e naquel momento o rexeitaron non cos memos argumentos de agora, estráñalle que cambiaran de argumento cando o regulamento é o mesmo. O regulamento recolle o que está establecido na Lei en relación co Grupo mixto, para poder constituir grupo propio hai que ter como mínimo 2 concelleiros, iso é o que di a lei, non o di este alcalde, poderá gustar máis ou menos pero é legal. A lei di o que di e os monfortinos votaron o que votaron. Dille a D<sup>a</sup> Isabel que fala de restricións, que non estea acordado en Concellos, parlamentos. Dígalle vostede ao lexislador que cambie a lei. Fala da constitución do Parlamento. Fala das iniciativas, a lei fala de calificación de iniciativas e hai iniciativas porque nos parlamentos se califican porque poden ser ofensivas. Etc. Fala vostede de mordaza, se a lei é ser mordanza será mordaza. Fala vostede do artigo 132, debería informarse ben antes de dicir o que di, porque sobre esa lei houbo un recurso de inconstitucionalidade, é unha sentenza do día 22.06.2018, esta sentenza núm. 55/18 de 24 de maio, di no seu fallo que “declarar que los artículos 129, 130, 132 e 133 da lei 39/2015 son contrarios a la orden constitucional de competencias en los términos del fundamento jurídico 7 B de esta sentencia”, o que vostede está dicindo como legal é inconstitucional. Di que este regulamento que ven por segunda vez ao pleno, é un regulamento que está plenamente dentro da lei e que polo tanto é perfectamente válido e este pleno se o aproba definitivamente, será publicado e cando se publique entrará en vigor. Pode ser vostede todo o crítica que queira.

Intervén D. Emilio Sánchez dicindo que os ten os mesmos argumentos que tiña hai catro anos, di que a lei 57/2003 fala de que calquera partido debe de ser formado e estar no grupo polo que se presentou, falaba vostede do Congreso, vai haber dous

grupos. Di que a enmenda da que se falou antes, falaba de que aínda que fose o grupo Mixto os dous partidos puideran presentar individualmente dúas mocións, dúas preguntas ou dous rogos, independentemente de pertencer ao Grupo mixto.

Intervén D. <sup>a</sup> Isabel García dicindo que ela coñece esa sentenza e tamén coñece quén a tramita iso ante o Tribunal Constitucional que é a Generalitat de Cataluña, non implica aos organismos locais. Da lectura á proposta da alcaldía onde se fai referencia ao grupo mixto xustificando os motivos. Vostede no punto 4 da proposta di: integraranse, en todo caso, no grupo mixto. A lei non obriga a isto é unha decisión de vostede. Vostede quere que teñamos pouco tempo para facer oposición, e non fala de diñeiro. Di que está claro do que falamos.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Emilio que naquel momento non era voceiro do BNG, o que di a lei é que a corporación non está formada por partidos políticos senón por grupos municipais. Dille a D<sup>a</sup> Isabel que no pasado mandato, non fixo constituir grupo mixto porque soamente estaba ela. Este ano non é o mesmo, e despois cando pasou o que pasou no grupo BNG, pasaron a ser concelleiras non adscritas, a persoa que quedaba do grupo mantén os dereitos e representaba a votación que tivo nas eleccións, a lei di iso para evitar o transfuguismo, o partido no que se van os concelleiros mantén os seus dereitos, e as concelleiras non adscritas se representan a sí mesmas, a título individual. Vostede falou que ía regalar o diñeiro a diestro e siniestro. Os concelleiros mantemos a mesma cantidade e o aumento aos grupos políticos beneficiaa a vostede. Di que non se pode ser bo nesta vida.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros do grupo municipal socialista, dous votos en contra do grupo mixto e catro abstencións do grupo municipal popular.

#### **4. MOCION DE ESPERTA MONFORTE RELATIVO AO CUMPRIMENTO DAS MOCIÓNS PREVIAMENTE APROBADAS SOBRE SUBVENCIONS NOMINATIVAS**

O ditame é favorable á moción, por un voto a favor de Esperta Monforte! (Grupo Mixto) e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias, BNG (Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

Facer públicos os criterios polos que se basea o Concello de Monforte para asignar as cantidades otorgadas nas subvencións a clubs deportivos, tal e como se fai na Deputación de Lugo.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García dicindo que se trata dunha moción relativa ao cumprimento das criterios das subvencións nominativas presentada fai dous anos polo grupo Esperta Monforte, unha moción para a defensa do deporte popular. Explica a moción presentada nese momento. Fala de que as subvencións deportivas seguen sendo nominativas aplicando o criterio do dedazo, non existen obxectivos públicos que determinen este procedemento, di que lle resulta sorprendente que na Deputación de Lugo aparece un sistema de concorrencia competitiva a agrupacións deportivas. Considera que este sistema é bastante viable. Di que ten bastante claro que neste Concello non se vai cambiar este sistema e que se faga un sistema público de transparencia, consideran que existen claras discrepancias coa cantidade que estan a recibir polo Concello.

Intervén D. Emilio Sánchez dicindo que dende o BNG, non é nada novo que apoie esta iniciativa, xa que foi un defensor da fórmula das subvencións de concorrencia. Di que non se está falando das cantidades que recibe cada club, as cantidades sempre son poucas. Fálase de asociacións deportivas, pódese facer extensivo ás asociacións culturais, fala de traballar con criterios obxectivos, cando hai dúas entidades deportivas da mesma natureza, que teñen os mesmos participantes, hai diferencias de 5.000,00 ou 6.000,00 dunhas a outras. Di que esta iniciativa débese facer así, para que exista un método de puntuación, non todos os gastos son subvencionables, hai un apartado de gastos de natureza da actividade deportiva, estando exentos as equipacións deportiva, referíndose ás subvencións da deputación.

Intervén D. Roberto Eireos manifestando que van votar a favor da iniciativa, xa que o levaban en campaña. Di que lle gustaría que se creasen un baremos como fan na deputación, que se premiase máis ao deporte base, solidariedade, traballos educativos, etc. Di que na medida do posible se aumentasen, senón tamén que se puidese crear, ou incluso recuperar unha liga de fútbol sala feminino, fala do calasancio que quería crear un equipo. Non soamente están de acordo, na medida do posible aumentar a cantidade que se adica para os nosos deportistas, sendo unha das cousas boas que quedan en Monforte.

Intervén D. Ibán Torres dirixíndose a D<sup>a</sup> Isabel que contiúa na dinámica de manipular e terxiversar. Este equipo de goberno sempre cumpre os acordos dos plenos. Non hai nin un so informe técnico e xurídico que diga que non cumpre este equipo de goberno, di que esto non se fixo nin se vai facer. Vostede non pode obrigarnos que cumpramos o programa de Esperta Monforte. Dille que vostede bota en falla aquelas votacións que se formaban. Os criterios para as subvencións nominativas son os mesmos dende fai 12 anos, utilizados polo anterior alcalde, ao que vostede acompañou naquela lexislatura, os clubs reciben maior cantidade de subvención, o máis prudente é adaptarse á nova realidade, manifesta que o voto será en contra.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García dicindo que se acaba de escoitar unha retaila de cousas das que un está acostumado a escoitar. Di que ela non dixo que houbera outros incumprimentos, soamente se falou da votación desta proposta. En definitiva, poden dicir e están a demostrar que non queren que os cidadáns saiban como reparten o diñeiro, xa que é de todos os cidadáns, o único que lle queda claro é que a xente saiba claramente como se reparte, que haxa transparencia, qué criterios se seguen para dar esas cantidades, nin sequera con iso está a poder sacar adiante ese compromiso. As institucións da Xunta e a Deputación non funcionan desta maneira, e a xente sabe que criterios teñen que xustificar e como os van a valorar.

Intervén D. Roberto Eireos solicitando que se poda destinar maior cantidade para fomentar o deporte en Monforte.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a Xunta de Galicia da todo a dedo, soamente aos Concellos do seu partido. Dille a D<sup>a</sup> Isabel que non entende o que é estar no equipo de goberno e estar na oposición, o que pasa que outra cousa é o que fai vostede. Non pode impoñer o seu criterio, cando haxa un incumprimento denuncie.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García dándolle as grazas a D. Ibán pola exhaustiva explicación do entendemento. Vostede o que quere é disfrazar o que estamos a falar. Di que ela non falou de que fixeran un incumprimento. O Sr. Alcalde acaba de sacar a colación de que no fixo donacións. Ese novo regulamento que vostedes acaban de aprobar, di que non se pode insultar, se vostede minte, e lle digo que minte, vostede dixo que non demos donacións, di que ela ten xustificantes de donar 2.000,00 euros ao Infanta Elena, a Cáritas e a outras organizacións, iso non é insultar. Dicir as verdades non é insultar, aquí non se falou de que incumpriran nada que tiveran que cumprir, falou duha moción aprobada. Diñeiro que é de todos nós, por conseguinte ten toda a capacidade a que os cidadáns saiban en que se gasta ese diñeiro.

Intervén o Sr. Alcalde, dicindo que o Sr. Ibán foi moi correcto e lle dixo a verdade, di que eles escoitaron retailas de cousas, dille a D<sup>a</sup> Isabel que ten “libro gordo de petete”. Manifesta que están aplicando o mesmo método do alcalde anterior, que vostede apoiou e ía na súa lista. Se estaba ben repartido antes porque esta mal agora. O diñeiro é de todos, pero antes tamén era de todos e facían igual que como se fai agora pero, xustamente a metade menos, sen ter en conta o que reciben os deportistas individuais e antes non o recibían. Se o goberno non quixera crear unha partida para deportistas individuais, iniciativa deste equipo de goberno. Di que se acaba de aprobar un presuposto na deputación fai pouco, hai tres tipos de axudas diferentes na Deputación, unha delas é de correnza competitiva, outra non competitiva. A Cáritas estase dando 5.000,00 euros de axuda dende que está este equipo de goberno e antes non recibían nada.

Dirixíndose a D. Emilio Sánchez que dixo que non era nada novo que o BNG apoie esta proposta, di que non o culpa, cando gobernaron vostedes 12 anos non se fixo nada. Manifesta que el mantivo a partida para o deporte, comparen 2007 e 2015. Vostede ten dito aquí algunha vez, aquí estaba funcionando un Consello Municipal de Deportes, que está aprobado o regulamento no seu día, que tiña un patronato, onde participaban clubs, dende que el se foi os que gobernaban dende o 2007 o barreron. As axudas non se aumentaron se duplicaron. En relación con crear unha liga de fútbol sala feminino, os Concellos non crean ligas de fútbol sala, iso é cousa dos clubs, di que se a organizan o Concello estará con elas.

Sometido a proposta de Esperta Monforte a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista e seis votos a favor dos concelleiros do grupo popular e Grupo mixto.

##### **5. MOCION DO PP PARA MODIFICAR A ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS E SOLARES E ASI DAR SOLUCIÓN EFECTIVA AS CASAS EN RUINA QUE EXISTEN NA NOSA CIDADE.**

O ditame é favorable á moción, por dous votos a favor (Grupo municipal Popular) e oito abstencións (Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

1. Que o Concello cumpra a lei actual, tanto a ordenanza municipal actual como a lei do solo de Galicia e inicie o procedemento de oficio para executar as obrigas de seguridade e ornamentación os propietarios de edificios aparentemente en estado e abandono, así como que prepare un expediente de edificios en ruina e cumpra os estipulado no artigo 141 da lei.

2. Modificación da ordenanza municipal actual de fachadas, elementos constructivos e solares, de maneira que se adecue a lei do solo de Galicia, se especifique mellor as obrigas e as competencias do Concello, aumenten as sancións e se cree un procedemento propio de estado de ruina dos edificios. Todo elo en aras de conseguir unha maior seguridade dos cidadáns, dos vehículos e unha mellor visión da cidade para os turistas que nos visiten.

##### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela Fernández dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio Sánchez solicitando que cando falen os grupos da oposición intenten escoitar para non terxiversar as súas palabras. Di que no respecto a esta iniciativa, a lei do solo de Galicia é como o tempo, nos derradeiros 4 anos,

foi modificada. Di que hai dous puntos para cumprir a lei actual é algo que se debe de facer. Cando se fala da declaración ruínosa hai que ter moito coidado, hai suspicacias e picaresca, hai que ter moito tento co que se fai. É certo que en Monforte hai vivendas que están nesta situación. Cren que facer unha ordenanza nova ou modificar a que hai, no caso de modificala en base ao que é Monforte, hai que pensar que está a piques de aprobarse o Plan Especial, moitas desas casas están dentro do Plan Especial, hai que pensar que se queremos ter as casas arranxadas, aparte de cumprila ordenanza, hai que pensar nunha liña de axudas ou convenios con outras administración.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García manifestando que é triste recoñecer que Monforte presenta este aspecto con moitísimas casas en ruína. Fala da relación solicitada fai tempo das casas en ruína de Monforte. Di que é un problema difícil, o que deixa caer unha casa, ben seguro é porque non pode ou a situación non lle permite o arranxo, o Concello ten unha responsabilidade, por iso se pediu a relación dos edificios en ruína, tamén se pedía unha dotación, que dentro do propio Concello houbera unha unidade de urbanismo completa. O Concello ten a obriga de cumprir a lei, nalgúns casos o fixo, nalgún previamente habendo advertido, é un proceso longo que require os seus tempos, o que lle gustaría saber é cantos edificios están nesa situación de ruína e modificar a ordenanza municipal, se iso é unha solución viable que puidera ser favorable para o noso pobo.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que por máis que ve a moción, non aporta nada para solucionar os problemas dos monfortinos, ademáis que ten unha obsesión con multarles importante. En relación co Plan Xeral que vostede cita, se Monforte non ten plan xeral hai responsables claros, o partido popular e o anterior alcalde que tirou dous plans. Na ordenanza reguladora de fachadas, fíxose polo anterior alcalde no 2004 e non se aplicou en 11 anos, agora parécelle moi osado pedir aos demais sancionar a todo o mundo. Di que o equipo de goberno farán o que teñan que facer cando sexa necesario. Respecto á Lei do Solo xa que a cambiou o partido popular varias veces, agora a Xunta acaba de aprobar un novo proxecto que vai influir tamén nestas ordenanzas, haberá que esperar como afecta para adaptala. Os edificios en mal estado están identificados e catalogados. Polo que se refire ás ruínas, manifesta como grupo de goberno e como monfortino, que está de desacordo como falan de Monforte, non cree que este pobo sexa unha ruína, os edificios que poden estar en mal estado son os propietarios os que teñen que arranxalos, Monforte é unha cidade bonita agradable para vivir, e que cada vez ten máis demanda turística. Di que entende que hai unha visión distorsionada.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que ela non fala da Xunta de Galicia di que fala de Monforte. A lei contempla que hai que sancionar cando non se cumpra e é vostede o que está gobernando. Vostede non queren sancionar e non facer políticas valientes e agresivas, porque non queren perder o poder.



Ainda que non lle guste o que din do actual goberno local . Di que ela non fala mal do seu pobo, di que se preocupa por Monforte e é realista e ve moitas cousas en Monforte, di que é súa obrigación e que o goberno municipal actúe, e actuar é facer cousas que non está ben vistas. Di que o que piden é que se modifique a ordenanza e se inclúa ese procedemento de expediente de ruina, di que con esta moción o que se pretende é instar ao goberno. Fala de que están dispostos a colaborar, facer unha comisións con diferentes membros dos grupos municipais.

Intervén D. Emilio Sánchez dicindo que hai que cumprila que xa existe. Hai que ter un pouco de facer un estudo desas vivendas, é certo que hai que obrígalos ou incentivar. Di que este non é problema soamente de Monforte, lamentablemente en Galicia hai outros lugares. Di que descoñece as ordenanzas de todos os Concellos, a forma de revitalizar o casco histórico. Di que saber que si hai unha lei hai que cumprila, isto non vai ser dun día para outro, intervir naqueles puntos concretos no que se ve que vai suceder algo, buscar culpables. Se hai unha lei hai que cumprila .

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García di que a visitan moitas persoas de fóra porque na súa vida profesional fixo un longo percorrido en distintos lugares e presume de Monforte, e está en Monforte porque así o decidiu, porque lle gusta Monforte. Pero dase a circunstancia de que cando o enséña ve cousas que non lle gusta, e simplemente recoñecer esas casas caídas. É unha moción en positivo, para mellorar unha situación que é real. E se podemos facer para mellorar esa situación e todos deberían estar aí para que se mellore, o que queremos é dar unha imaxe moderna e actual, xa que Monforte ten un dos maiores patrimonios dos Concellos de Galicia, e por desgraza non luce. Se esta moción vai no sentido positivo de mellorar o urbanismo e non de castigar a ninguén votarán a favor.

Intervén D. Ibán Torres dando lectura á moción dicindo que isto non é o que di o artigo 141. Di que se pide que se prepare un expediente de modificación, o catalogo xa existe. O artigo 141 di que unha construción estea en estado ruinoso o Concello. Di que non necesita do goberno, vostede pode promover esta situación, promova vostede os expedientes. Dado que van votar en contra e segundo vostede é un problema, así veremos canto é vostede de valiente, outra cousa distinta é que este equipo governe como quere vostede que gobernemos. As obrigacións cada un ten as súas. Vexa o artigo 141 vostede para iniciar ese procedemento e lle asegura que ese expediente se tramitará.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que teñen 11 concelleiros vostedes sempre derivan aos demáis que fagan o seu traballo, como vostedes no queren falcer algo que pode molestar a outras persoas que o faga este grupo. Di que se queren políticas de facer parques, bancos, contratar orquestras, di que ela ten



20 anos menos que vostedes, a situación que vive, teñen que ver a realidade de Monforte non a ven e hai que facer políticas para que Monforte mellore, para que a cidade sexa capital da Ribeira Sacra, di que é necesario que Monforte potencie o turismo para salvar a súa economía. Manifesta que non fixeron o traballo que lle pediron para que presionaron cos fondos do FEDER para a Depuradora de Monforte. Fala de que Monforte segue excluída deses fondos, presionen, vaian a Madrid e presionen para todo, insten a quén teñan que instar para que Monforte presente unha mellor imaxe.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que facer afirmacións das que se fan non lle da a razón. Fala vostede de presionar ao goberno central, que fai a Xunta de Galicia e a conselleira que é unha mentireira. A primeira vez que pediu algún permiso a Fomento foi en xuño e o 20 de agosto xa tiña a contestación e ela non o dixo, en novembro foi a unha reunión a Santiago e ela se comprometeu a pasar unha copia do proxecto do porto seco, e agora se queixa de que lle poñen trabas en Fomento, hai unha orde do ano 2001 publicada no BOE, goberno do Sr. Aznar, cando se fai unha obra pública no entorno a Administración que promove a obra maior ten que facer a obra menor. Dixéronlle que tiña que ser tipo entronque e lle dixeron como a uns metros hai que salvar unha via do tren cunha pista da Confederación e iso está a menos dun metro, polo tanto correspóndelle facer a obra menor. En temas da depuradora, a Sra. Conselleira está chupando de Monforte moitos cartos, case 3 millóns de uros, falta o primeiro euro que viñera para Monforte, para onde vai?, para Ribeira, declarado de interese xeral. Non son obras do Estado. Di que el non di as cousas antes de que se vexan, di que eles se adican a gobernar. Di que o Sr. Torres non lle dixo que gobernara vostede. O río de Monforte quén intentou límpialo con axuda dalgún club, foi este equipo de goberno e o día que se ían començar as obras, o chamou o Presidente da Confederación Hidrográfica ameazando con denunciar. Fala dun servizo da Xunta, o Servizo de Conservación da Natureza, que emite un informe contrario para a limpeza, xa hai varios informes contrarios. Os informes urbanísticos os elaboran os técnicos, e este equipo de goberno non fixo nunca vista gorda diante dun informe dun técnico municipal que recomendara actuar sobre un edificio, se é o contrario, denuncie. O que vostede pide é imposible, que se actúe sobre a totalidade de edificios en mal estado, porque non chega o presuposto para vivenda que ten a Xunta de Galicia. A normativa cambiou máis que o tempo, agora aprobaron un Proxecto de ordenación do territorio de Galicia.

Dirixíndose a D<sup>a</sup> Isabel dille que como non se atreve a dicir que non hai día que non caiga unha casa, de vez en cando lamentablemente hai algunha que ten un percance, outro día caeu unha pouca masa nun edificio novo na rúa Roberto Baamonde, como se atreve a dicir iso. Fala vostede do censo de edificios, tiña que mirar o Plan Especial, alí están catalogadas e o nivel de conservación que teñen que ter, estivo seis meses exposto, ten que facer os deberes. Non se poden confundir responsabilidades, a responsabilidade principal é do propietario do edificio e se pasa algunha cousa el é o responsable, e soamente

con carácter subsidiario, entón é cando é responsable o Concello. Manifesta que que non se pode pretender que o Concello faga todo, porque é imposible. Que diferencia hai ter un aparelador municipal ou ter tres arquitectos, os edificios non se arranxan porque haxa tres arquitectos. Di que a el cada vez lle gusta máis ir a San Vicente porque agora vése.

Sometido a proposta de Esperta Monforte a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros do grupo municipal socialista e seis votos a favor dos concelleiros do grupo popular e Grupo mixto.

### **PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

#### **6. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de data 19.11.2019 (2), 02.12.2019, 10.12.2019, 16.12.2019, 20.12.2019,) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo. Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.”

#### **7. ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE CABE A POSIBILIDADE PARA PEDIR UNHA REUNIÓN URXENTE CON HIDROGRÁFICAS A QUE ASISTAN TODOLOS**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que tamén pasou algo parecido fai anos. O que fixo a Delegada de Area de Turismo da Deputación, D<sup>a</sup> pilar García Porto aproveitando que rematou o contrato que tiña a empresa que xestionaba o establecemento de hostalería que está no embarcadoiro Ponte do Sil, Marcelle, e dado que efectivamente alí se producen verquidos que non se sanean, o que se fixo foi non prorrogar o contrato para poder arranxar ese tema e xa se faolu coa Confederación Hidrográfica e se é posible que en Semana Santa estea funcionando con todo arranxado. Isto que está pasando pasa cando era presidente da Deputación o Sr. Cacharro, dende o ano 1992, o edificio quedou en mal estado dende aquela época, pero alguén tiña que arranxar. Igual que no río Cabe, na rúa Caneiro verquía, agora xa non pasa, en Acea Nova, verquía directamente ao río Cabe, iso arranxouno este equipo de goberno. Non tardará moito en haber algún proxecto máis para seguir saneando o río Cabe importante. Sanear o río Sil dun vertedoiro dun edificio

público xestoinado por un empresa privada o que se fai é poñerlle coto ao verquido que non debe producirse, iso é o que esta ocorrendo neste momento no embarcadoiro. Di que se está a traballar para sanear o río Cabe.

### **PREGUNTA E ROGO DO BNG RELATIVA Á ESCOLLA DOS PEDANEOS**

Resposta o Sr. Alcalde dando lectura da lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, no artigo 73, *“en los núcleos de poboación separados del centro urbano e que constituyen entidad local el alcalde podrá nombrar un alcalde de barrio por cada núcleo entre los veciños que residan en este”*. Os pedáneos non son representantes dos veciños son representantes dos alcaldes, porque se supone que son persoas da súa confianza. Di que non teñen decidido que sistema se vai facer, a inmensa maioría dos pedáneos teñen un comportamentp exquisito, pero hai algún que ten un ramalazo, posiblemente a inmensa maioría dos que están seguirán se queren.

### **PREGUNTA RELATIVA Á PRESENTACIÓN DO PLAN DA RIBEIRA SACRA NOS PEARES**

Resposta o Sr. Alcalde que este tipo de cousas a lóxica di o que di, o que pasa polo que se ve a Xunta de Galicia a Monforte non lle ten cariño. Todos os actos van a Sober, a Pantón ou a outros Concellos, estamos rodeados. E curioso a Monforte so veñen cando poden disimular dalgunha maneira privada. Hai un día ou dous a directora de Turismo, Nava Castro, o alcalde de Monforte non foi informado, que debería ser informado aínda que non fose invitado, ven dar datos do Camiño de Inverno á marxe do Concello, pero logo calquera outro evento da Xunta, son sempre nos Concellos limítrofes. Foi o día 10, para ese acto si que ten un convinte dende a Xunta de Galicia, convidan ao Concello de Monforte a participar neste evento, que foi nos Peares, onde o Concello confirmou a presenza do concelleiro D. José Luis Losada. Cando chegou o concelleiro Monforte non tiña sitio, cando non so debería estar na primeira fila porque Monforte é capital da Ribeira Sacra, cando remataron non fixeron a foto, esperaron un bo cacho ata que marchou parte da xente. En relación co 17 de decembro, o Concello de Monforte non recibiu ningún convite, polo menos non lle consta. Ogallá sexa verdade o que se dixo nos Peares, o pon en dúbida, di que ese investimento de 34 millóns de euros para a Ribeira Sacra, ogallá sexa certo, cando non hai proxectos concretos e financiación concretos, porque aos Concellos pedíronnos dende a Xunta onde ían invertir no

ámbito de declaración de ben de interés cultural. Se invertirán 14 millóns de euros fan uns Peares novo, cantos edificios hai nos Peares, sería unha falla de respecto, é unha barbaridade, desconfía moitísimo.

#### **ROGO DO BNG RELATIVO A UTILIZACION DO GALEGO**

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que non fai falla que se comprometa. O Concello o está practicando todo o que sae do Concello vai en galego, salvo que se envíe un documento ao Ministerio que vai en castelán. En relación co que pide vostede, ou deixamos fóra algún club ou algunha entidade, podemos esixir que poñan Concello de Monforte de Lemos, polo tanto hai dúas partes, a parte que depende de nós, pero o que os clubs na súa indumentaria doutras entidades privadas que lle dan un diñeiro, nos non podemos intervir. Todo o que depende do Concello xa se está facendo e se seguirá facendo.

#### **ROGO DO BNG RELATIVO A UN NOVO ACCESO Á PARTE NOVA DO CEMITERIO MUNICIPAL**

Resposta o Sr. Alcalde respostando que o di porque considera sen segundas intencións. Dique se fixo todo o cemiterio novo sen abrir esa porta, alí hai moita pedra pegada a muros. Hai outra entrada pola parte de atrás pola estrada da Vide. Di que o pensarán.

#### **ROGO "IN VOCE" DO PARTIDO POPULAR SOBRE A LIMPEZA DE REGATOS DO RÍO CABE**

Resposta o Sr. Alclade que nas zonas urbanas é competencia dos Concellos dos restos orgánicos, do lixo o que non sexa lixo é competencia das Confederacións. En relación co regato das Malloadas ao seu paso para rúa Dr. Fleming dicir que se produciu un descalce dese muro e coa forza da auga o descalzou, di que fixeron xestións e a Confederación van empezar a mediados de mes de xaneiro a obra.

#### **PREGUNTA " IN VOCE" PORQUE O CONCELLO NON SOLICTIU AXUDAS PARA A CREACIÓN DUN CENTRO MUNICIPAL DE ATENCIÓN TEMPRANA.**

O Sr. Alcalde resposta que contestará no vindeiro pleno.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás vintedúas horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretaria accidental , certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS

SECRETARIA